

IES DE PASTORIZA (ARTEIXO)

**PROXECTO LINGÜÍSTICO
DE CENTRO**

1.- MARCO LEGAL

2.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

- + Contexto do IES de Pastoriza
- + Situación lingüística do profesorado
- + Situación lingüística do alumnado
- + Situación lingüística do centro

3.- LINGUAS EMPREGADAS NAS DISTINTAS MATERIAS

4.- MEDIDAS DE APOIO

5.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

6.- PLAN ESPECIFICO PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA: O ENDL

7.- O PROXECTO LECTOR

- + Resumo do proxecto
- + Obxectivos
- + Resultados esperados co desenvolvemento do proxecto
- + Metodoloxía de traballo
- + Interese e implicación do profesorado
- + Actuacións a realizar
- + Avaliación
- + Coordinación con outras entidades

8.- A BIBLIOTECA

9.- O CLUB DE LECTURA

- + Finalidades
- + Actividades previstas
- + Forma de organización e funcionamento
- + Horario e calendario previsto
- + Medios de difusión

1.- MARCO LEGAL

A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

O artigo 3 da Constitución establece, no seu punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

O Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, reconece que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo. Este decreto foi derogado e substituído polo **Decreto 124/2007, do 28 de xuño**, que elabora unha nova normativa

orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar garantindo igualmente a mesma competencia en ambas as dúas linguas.

Finalmente O **Decreto 79/2010**, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e ten como obxectivo o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

De acordo con toda esta lexislación elaboramos o Proxecto Lingüístico de centro.

2.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

✚ Contexto do IES de Pastoriza.

O concello de Arteixo está dentro da área de influencia metropolitana da Coruña. Conta cunha extensión de 9.350 hectáreas organizadas en 13 parroquias e é un dos poucos concellos de Galicia que nos que segue a medrar a súa poboación, agrupada fundamentalmente nos núcleos de Arteixo, Vilarrodís, Galán, Pastoriza, Suevos e Meicende.

Pastoriza, a parroquia onde está situada o centro, esténdese ao longo dunha estrada que une a capital do municipio, Arteixo, coa Coruña. Esta localidade está situada entre dous importantes polígonos industriais e empresariais que dan traballo a un grande número de pais e nais do noso alumnado: O Petón (en Meicende) e Sabón (en Arteixo). Por este e outros motivos a poboación orixinaria das diferentes parroquias convive con familias procedentes de bisbarras como Bergantiños, emigrantes retornados e novos habitantes procedentes do estranxeiro. Todos eles instaláronse na procura de traballo, fuxindo da vida no campo, ou buscando unha nova vida fóra das escasas perspectivas dos seus países de orixe.

✚ Situación lingüística do profesorado.

O centro conta con 36 profesores na súa maioría de procedencia galega, se ben é certo que os non galegos levan asentados na nosa comunidade longo tempo e todos teñen a capacitación suficiente para impartir docencia en lingua galega.

✚ Situación lingüística do alumnado.

A día de hoxe no centro están matriculados no centro 296 alumnos repartidos en catro grupos de 1º ESO, catro de 2º ESO, catro de 3º ESO, dous de 4º ESO, e dous grupos de PDC, cun total de 15 unidades.

A lingua principal do alumnado é o castelán e percibimos un proceso progresivo de abandono do galego. Aínda así o número de galego falantes é maior no ámbito familiar e aumenta se nos referimos á lingua de relación cos avós.

Parte do alumnado procede de familias galego falantes nas que observamos que cando un dos membros do núcleo familiar non ten como lingua de relación o galego, adoita ser a nai, mentres que o pai se mantén máis na lingua orixinaria.

Malia que no ámbito rural é onde se acadan as porcentaxes máis altas de uso do galego e sendo este o seu idioma materno, non por iso a estima que se ten da lingua é positiva. Os estudos de sociolingüística confirman que é nos sectores semiurbanos e entre a poboación máis nova, onde hai un menor dominio da variedade estándar e seguen sen estar superados os prexuízos sobre o propio idioma.

É habitual que varíe o número de alumnos matriculados xa que somos un centro de recepción de alumnado inmigrante. Por este motivo contamos cunha alta porcentaxe de alumnado doutras nacionalidades, fundamentalmente de: América (Colombia, Uruguai, Venezuela, Argentina, Brasil, Bolivia, República Dominicana, Cuba), África (Marrocos e Senegal), Europa (Portugal, Suíza, Alemaña, Romanía, Ucraína), e outras comunidades españolas (Cataluña, Canarias, Aragón e Andalucía).

Recibimos tamén alumnado procedente de minorías étnicas, principalmente de raza xitana. Este grupo presenta altos índices de absentismo escolar.

Situación lingüística do centro.

Polo que respecta á relación que o centro mantén coa contorna, destacamos varios aspectos:

- A comunicación oficial coas familias realízase en galego.
- A lingua da documentación administrativa, da comunicación interna, da relación cos pais, coa administración e coas institucións é a galega. Tamén está en galego todo o rotulado do centro e as notas informativas dos taboleiros.
- No que atinxe á lingua utilizada na comunicación co alumnado altérase o uso de galego e castelán.
- O persoal laboral utiliza o galego maioritariamente.
- A ANPA utiliza como lingua vehicular maioritaria a galega aínda que sen coidado na normativización.

- Dende hai moitos anos vimos prestando unha especial atención á realización de actividades extraescolares nas que participan todos os departamentos e nas que moitas veces unha das razóns que as impulsan é a recuperación e exaltación de festas populares e coñecemento do noso entorno cultural e natural.

3.- LINGUAS EMPREGADAS NAS DISTINTAS MATERIAS

Seguindo o decreto O **Decreto 79/2010** do 20 de maio que regula o uso e a promoción do galego, no noso centro:

- as materias de lingua impártense na lingua de referencia.
- impártense en galego as materias de Ciencias sociais, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía,
- impártense en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

Isto é:

EN GALEGO	EN CASTELÁN
Lingua Galega	Lingua Castelá
Ciencias Sociais	Matemáticas
Ciencias da Natureza	Tecnoloxías
Bioloxía e Xeoloxía	Física e Química

Polo que respecta ao resto das materias, este curso impártense en galego: Ciencias Medioambientais, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras (OIE), Informática e Proxecto Interdisciplinario de 1ºESO.

Ademais contamos con dúas seccións bilingües: unha en 3º ESO e outra en 4º ESO, onde se imparten en inglés as materias de Tecnoloxías, Ciencias Sociais, Matemáticas e Bioloxía.

4.- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO

Dada a diversidade multicultural no IES de Pastoriza, a nosa Planificación Lingüística debe garantir:

- Que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela e adquira plena competencia en castelán.
- Que o alumnado que ten a lingua castelá como lingua habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela e adquira plena competencia en galego.
- Que o alumnado inmigrante ou pertencente a minorías étnicas teñan competencia tanto en galego como en castelán.
- Que o alumnado en xeral adquira a competencia establecida no currículo para as linguas estranxeiras

En resumo: o centro velará para que todo o alumnado que o precise, reciba as atencións necesarias para acadar o dominio das linguas galega e castelá e a competencia adecuada nas linguas estranxeiras. Para isto establécense varias actuacións posibles:

- Facer un seguimento na avaliación continua do alumnado co fin de prever e evitar incorreccións nos usos lingüísticos.
- Crear desdobres nos grupos de 1º ESO para atender ás necesidades do alumnado nas materias de Lingua Castelá e Lingua Galega. Isto supón un reforzo educativo que chega a todo o alumnado deste nivel.
- Realizar apoio con medidas de reforzo ao alumnado con necesidades específicas: ACI, PDC e PCPI. Neste sentido é fundamental o traballo do Departamento de Orientación e a colaboración do profesorado de apoio dentro e fóra da aula.
- Desenvolver proxectos para o fomento e utilización da lingua galega, da lingua castelá e das linguas estranxeiras.

- Fomentar a participación do alumnado en actividades complementarias e extraescolares onde se utilice a lingua galega e castelá.
- Organizar de actividades lúdicas que estimulen a expresión oral e escrita do alumnado nas diferentes linguas.
- Adquirir materiais curriculares (impresos, audiovisuais...) para a aprendizaxe das linguas.
- Elaborar un Plan Lingüístico de Adaptación para o alumnado procedente doutras Comunidades Autónomas, do estranxeiro ou pertenza a minorías étnicas (como explicaremos no punto seguinte).
- Dinamizar a biblioteca como espazo educativo para o fomento da lectura e a mellora das competencias lingüísticas: <http://bibliotecaiespas.webnode.es/>
- Realizar o seguimento e a consecución do Proxecto lector: <http://bibliotecaiespas.webnode.es/proxectos-de-centro/>
- Organizar actividades artísticas, musicais, teatrais... para fomentar o uso das linguas.
- Fomentar o uso das Bibliotecas de Aula que están presentes en todos os grupos. O obxectivo é facilitar a consulta e mellorar as competencias lingüísticas tanto nos períodos de clase como nas gardas.
- Fomentar o Club de Lectura “A nora dos libros” que funciona desde o curso 2007-08. Como consecuencia da súa actividade ten publicadas guías de lectura: *O neno do pixama de raias*, *Los girasoles ciegos*, *O curioso incidente do can a media noite*, *O señor Ibrahim e as flores do Corán*. Este material pódese consultar e descargar en: <http://bibliotecaiespas.webnode.es/club-de-lectura/>
- Fomentar a presenza das linguas na Radio Furoca, a emisora do centro, que ten varias seccións: <http://radiofuroca.blogspot.com/>
 - En “A nora dos libros” realizáanse propostas de lectura: <http://radiofuroca.blogspot.com/search/label/La%20noria%20de%20los%20libros>

- En “Sucos de alborada” emitense textos creados polo alumnado, o profesorado, o persoal laboral ou as familias, acompañados á guitarra por un profesor do centro: <http://radiofuroca.blogspot.com/search/label/Surcos%20de%20alborada>
- No espazo “Campañas” textos do alumnado e o profesorado promoven a lectura e a educación en valores: <http://radiofuroca.blogspot.com/search/label/Campa%C3%B1as>
- A canle de televisión FUROCA TV complementa estas seccións: <http://worldtv.com/furocatv>

5.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

Contamos cunha alta porcentaxe de alumnado doutras nacionalidades, fundamentalmente de: América (Colombia, Uruguai, Venezuela, Arxentina, Brasil, Bolivia, República Dominicana, Cuba), África (Marrocos), Europa (Portugal, Suíza, Alemaña, Romanía, Ucraína), e outras comunidades españolas (Cataluña, Canarias, Aragón e Andalucía).

Ademais recibimos alumnado procedente de minorías étnicas, principalmente de raza xitana, ao empadroarse recentemente no concello de Arteixo.

Durante os anos que leva funcionando o centro observamos que dentro da aula se fai moi difícil traballar cunhas porcentaxes tan altas de inmigrantes recentemente incorporados ao sistema educativo, e de alumnado pertencentes a minorías étnicas que presentan altos índices de analfabetismo, ás veces acompañado de longos períodos de absentismo escolar.

Nunha mesma aula poden chegar a convivir alumnos galego falantes, castelán falantes, outros que non teñen nin o galego nin o castelán como lingua de referencia, e algúns con altos índices de analfabetismo. A isto hai que sumar que a recepción de alumnos inmigrantes e procedentes de minorías étnicas é continua durante todo o curso académico. Por estes motivos considerouse que o centro tiña que estar preparado para dar resposta rápida a estes alumnos sen coñecementos da lingua e determinouse dedicar unhas horas para a adquisición das nosas linguas.

Nun principio, os Departamentos de Linguas Galega e Castelá tiñan varias horas de dedicación ao alumnado inmigrante ou pertencente a minorías étnicas. Porén este sistema non resulta de todo operativo xa que hai que sacar fóra das aulas a un alumnado que precisa apoio e reforzo en todas as materias. O feito de que teñan que prescindir dalgunha das materias do currículo para aprender fóra da aula as linguas da nosa comunidade, supón a perda de coñecementos en ámbitos tamén fundamentais na súa aprendizaxe. Por outra banda, as horas que se lles pode dar de apoio lingüístico resultan insuficientes.

Por todo isto, despois dunha proposta realizada á Comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Claustro do Profesorado e ao Consello

Escolar creouse no curso 2010-11 un Grupo de Adquisición de Lingua (GAL) dirixido ao alumnado inmigrante e procedente de minorías étnicas de 1º e 2º da ESO. Deste xeito o alumnado estranxeiro e procedente de minorías étnicas do primeiro ciclo da ESO recibiren 23 sesións de apoio lingüístico e científico para que a súa incorporación ao noso sistema educativo e a súa alfabetización sexa óptima. O resto do horario complétao dentro do seu grupo de referencia co que asiste ás materias comúns.

Consideramos que este Grupo de Adquisición de Linguas é fundamental no noso centro, pero este curso, debido á redución de profesorado non podemos levar a cabo esta medida de reforzo lingüístico e só podemos aplicar a que se desenvolveu os cursos anteriores: varias horas de adquisición de linguas fóra da aula.

6.- PLAN ESPECIFICO PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA: O ENDL

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística vén funcionando no IES de Pastoriza dende o ano da súa inauguración e a súa filosofía é traballar en colaboración con todos os departamentos, de xeito que o galego estea presente en todas as actividades que se realicen en ou dende o instituto.

O obxectivo de todo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística ten que pasar pola creación de actitudes lingüísticas que se poidan aplicar á totalidade da comunidade escolar, pois a normalización é un tema que transcende do individual para instalarse na responsabilidade colectiva. Podemos marcar como obxectivos xerais do noso plan:

- Valorar a lingua galega como propia, como medio de comunicación privilexiado e elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- Considerar a pluralidade lingüística como un patrimonio da humanidade e de riqueza persoal.
- Concibir a lingua como un instrumento de comunicación a través do cal estruturamos o noso pensamento e transmitimos os nosos coñecementos, isto é: codificamos o noso universo persoal, colectivo e cultural.
- Potenciar a expresión oral como manifestación de sentimentos, emocións e coñecementos, procurando a utilización de diversos rexistros, así como a maior riqueza léxica e expresiva, ademais da corrección lingüística.
- Fomentar o carácter instrumental da expresión e da creación escrita, así como a súa vinculación co ámbito persoal por estaren intimamente ligados co feito literario e coa utilización da nosa lingua en todos os seus ámbitos.
- Valorar as variedades sociais e xeográficas do idioma galego con vistas á aprendizaxe da lingua estándar libre de interferencias e prexuízos.

- Primar a actividade lectora como medio formativo e informativo, como vehículo para desenvolver o gusto literario, a creación persoal, ademais da riqueza lingüística e o divertimento.
- Acrecentar e recuperar o noso vocabulario, e as manifestacións vivas –tradicionais e actuais- da nosa lingua e as actividades positivas cara a ela.
- Achegarse ao descubrimento das posibilidades que ofrece a sociedade do coñecemento, aplicado ao ámbito lingüístico galego, representado no mundo das novas tecnoloxías.

Xa que logo, haberá que procurar un cambio nas actitudes, teóricas e prácticas, que dea como resultado persoas máis informadas, tolerantes, conscientes e competentes nos temas lingüísticos. En definitiva, búscase asumir, valorar, dignificar e prestixiar a lingua a todos os niveis e un aspecto fundamental é a presenza da lingua nas novas tecnoloxías.

Neste sentido creouse unha plataforma onde se pon a disposición de toda a comunidade un abano de ferramentas lingüísticas (dicionarios electrónicos, correctores ortográficos ...) e o acceso a distintos portais informativos e campañas de interese xeral en galego: <http://linguaeliteraturagalega.webnode.es/endl/>, e mantense a sección do ENDL na web do centro: <http://centros.edu.xunta.es/iesdepastoriza>.

Para acadar os obxectivos propostos polo ENDL e para asumir, valorar, dignificar e prestixiar a lingua a todos os niveis, promóvese diferentes actividades:

- Asistencia a espectáculos teatrais, cine, conferencias, contadores de historias, recitais poéticos, exposicións...
- Participación en concursos de creación, programas educativos, actividades culturais, ou certames organizados por distintas entidades e que teñan como soporte lingüístico o galego.
- Fomento e coordinación das actividades que se desenvolvan en relación co Día das Letras Galegas.
- Fomento do uso da biblioteca do centro e a lectura de libros en galego.

- Colaboración xunto co Equipo da Biblioteca nas actividades relacionadas co Club de Lectura e na elaboración do Plan Lector de centro.
- Encontro con autores en colaboración coa Biblioteca e o Departamento de Lingua e Literatura Galega, para reafirmar as lecturas que faremos ao longo do curso.
- Fomento da oralidade: para que o alumnado se desenvolva en galego é imprescindible que as familias se involucren neste labor e para isto tentaremos levar a cabo diversas sesións de intercambio de información entre avoas/avós, nais/pais ou calquera outro familiar que estea dispoñible.
- Potenciación da vinculación co noso hábitat natural e a relación cos nosos maiores para nos empaparmos do universo cultural que atesouramos e así poidamos contribuír á conservación de tradicións, crenzas, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Conservación do noso patrimonio cultural e natural de forma que se coñeza máis e mellor Galicia e a nosa comarca a través de diferentes rutas, facendo fincapé en personaxes ilustres, tradicións, costumes, festas populares ... dende o convencemento de que só se pode amar aquilo que se coñece.
- Colaboración coas familias inmigrantes no proceso de aprendizaxe e utilización da nosa lingua.
- Coordinación con outros Equipos de Normalización e Dinamización da vila e da bisbarra para a realización de actividades conxuntas e intercambiar ideas e proxectos. A respecto deste punto cobran especial sentido os seguintes apartados: Participación no Correlingua da Coruña, no certame musical “A mocidade coa nosa lingua” (se temos grupo que nos represente) e intercambio do alumnado integrado no ENDL con outros equipos.
- Recuperación das tradicións e festas do ano en colaboración con outros Departamentos, recreando festas anuais como: o Samaín (e o decorado de cabzas), o Magosto (e os zonchos), o Nadal (coa figura do Apalpador) ou o Entroido (e os disfraces e comparsas).

- Organización e convocatoria de concursos de creación literaria, científica ou plástica en colaboración coa Biblioteca e os distintos Departamentos que teñan como soporte lingüístico o galego e sirvan para difundir e revalorizar a nosa lingua e cultura: relatos de medo e terror no Samaín, a figura do Apalpador no Nadal, concurso de cartas de amor en febreiro ou receitas de cociña do Entroido.
- Colaboración coa radio do centro – Radio Furoca- na creación de espazos e programas.
- Mantemento do taboleiro da lingua, espazo destinado á exposición pública de todos aqueles temas e cuestións de actualidade sobre a lingua e a literatura.
- Promoción daquelas actividades culturais normalizadoras que poidan xurdir ó longo do curso dende o concello, dende a propia comunidade educativa ou por iniciativa particular.

Para a consecución de todos estes obxectivos o ENDL asesora á comunidade educativa no que se refire a cuestións lingüísticas para mellorar a normalización e a normativización do centro colaborando na revisión de documentos:

- do ámbito administrativo: burocracia e elementos que identifican o centro.
- da xestión pedagóxica e didáctica: formación académica do alumnado e transmisión profesorado e alumnado.
- do ámbito de interacción co contorno: actuacións que parten do centro con destino ao contorno máis próximo (familias, concello, asociacións, institucións ou outros centros). Neste sentido é especialmente importante a axuda ás familias inmigrantes no proceso de normalización.

7.- PROXECTO LECTOR DE CENTRO (documento en revisión).

Destacamos a importancia do Proxecto Lector de Centro como un instrumento cuxas finalidades complementan o Proxecto Lingüístico. Este documento está actualmente en revisión.

+ Resumo do proxecto:

Este Proxecto Lector fundaméntase na organización e posta en funcionamento da biblioteca de centro a fin de permitir o acceso da comunidade educativa a unha serie de recursos que apoién o programa de ensino e aprendizaxe, integrando a biblioteca no traballo cotián escolar e incluíndo as súas actividades no Plan de Centro. O desenvolvemento do servizo de préstamos, a integración da biblioteca no horario escolar en coordinación cos distintos ciclos e niveis, as diferentes actividades integradas no Plan de Centro (Semana Cultural, Plan de Animación á Lectura) e a implicación da ANPA establecerá un marco idóneo para a implantación do proxecto.

A biblioteca escolar é un recurso imprescindible para formar ao alumnado na consulta e na selección das diversas informacións, así como na formación do autoconecemento. Pretendemos que sexa un espazo para o achegamento da lectura de textos literarios e informativos, en formato impreso, audiovisual ou multimedia, para que adquiran o hábito lector e formar unha comunidade lectora. Desexamos que o noso Centro educativo xogue un papel fundamental no fomento de actitudes positivas en torno ao libro e á lectura.

A partir del poderanse elaborar proxectos de lectura a medio e longo prazo mediante un plan de actuacións.

Tendo como recurso a biblioteca escolar, garantimos a existencia de fondos en diversos soportes e o seu achegamento ao alumnado. Durante os cursos pasados levouse a cabo unha gran obra de remodelación do Centro, realizouse a organización de materiais e púxose en marcha o servizo de préstamo a alumnos e profesores. Queremos conseguir que este espazo se converta nun lugar de usos múltiples cunha organización adecuada para todos os ciclos. O proxecto lector do Centro complementará e servirá de apoio importante aos diversos proxectos educativos que se desenvolven actualmente no noso Centro: Escola: Espazo de Paz, Atención

á Diversidade de Xénero (Coeducación), Centro TIC, O deporte na escola ... Actualmente entramos no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (PLAMBE) e a nosa biblioteca está comezando unha nova andaina.

O proxecto lector insírese nas finalidades educativas do noso centro:

- Atención á igualdade de dereitos e deberes entre os distintos sexos, desenvolvendo a cooperación e colaboración en traballos de grupo (familiar, veciñal, escolar...).
- Exercicios de tolerancia e respecto aos dereitos individuais e colectivos, evitando calquera tipo de discriminación negativa ante a raza, relixión e sectores deprimidos da poboación, e educando na solidariedade e cooperación.
- Atención ao desenvolvemento equilibrado da personalidade do alumnado mediante a adquisición de hábitos e técnicas de traballo crítico e creativo e comportamento democrático, fomentando a integración dos membros da comunidade con necesidades educativas especiais.
- Establecemento dun clima de convivencia e comunicación entre os diversos sectores da Comunidade Educativa, potenciando a participación dos pais e nais na vida escolar e na consecución das finalidades educativas.
- Fomento da capacidade de esforzo chegando ao convencemento da súa necesidade para a superación de dificultades e consecución de logros.

Obxectivos xerais:

1.-Utilizar a biblioteca escolar, integrándoa na práctica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e habilidades de aprendizaxe.

2.-Implicar e dar participación aos distintos sectores da comunidade educativa nas propostas do programa co fin de contribuír a crear un ambiente lector dentro e fóra da aula e do centro.

3.-Deseñar e elaborar materiais de traballo e propostas para a promoción lectora.

4.-Seleccionar libros xuvenís e de imaxinación, informativos e documentais para dotar as bibliotecas de aula, a biblioteca do centro e realizar recomendacións de lectura.

5.-Organizar e celebrar xornadas de animación lectora.

6.-Proporcionar apoio ao programa de ensino e aprendizaxe.

7.-Acceso da comunidade educativa a unha serie de recursos e servizos.

8.-Habituar á comunidade educativa á utilización das bibliotecas con finalidades informativas, recreativas e de educación permanente.

9.-Dotar aos estudantes das capacidades básicas para obter e usar de forma autónoma diferentes recursos e servizos.

10.-Integrar a biblioteca escolar no traballo cotián do centro.

11.-Incluír no Plan de Centro e na Memoria Final os seus plans de traballo e actuacións, incluíndo unha avaliación final e unhas propostas de mellora.

12.-Dotar á biblioteca, de forma permanente, dos recursos necesarios para o seu funcionamento.

Obxectivos específicos.

1.- Profundar na relación do neno/a coa biblioteca como lugar máximo que permite saciar a súa curiosidade.

2.- Espertar, crear e estender o gusto pola lectura.

3.- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.

4.- Profundar nos hábitos de comportamento na biblioteca.

- 5.- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e demais materiais existentes.
- 6.- Iniciar aos nenos/as na metodoloxía bibliotecaria.
- 7.- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.
- 8.- Manexar autonomamente os recursos dispoñibles na biblioteca.
- 9.- Buscar, clasificar e aproveitar os recursos para ampliar os coñecementos adquiridos na aula.
- 10.- Respetar o clima que debe concorrer nunha biblioteca.
- 11.- Ampliar a súa visión do mundo, abrir a súa mente a outras realidades e culturas con actitude de respecto.
- 12.- Incrementar o interese e o gusto pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- 13.- Espertar a necesidade de elaborar as súas propias creacións.
- 14.- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais existentes.

Resultados esperados co desenvolvemento do proxecto.

- 1.- O Proxecto Lector do IES PASTORIZA pretende recompilar toda a documentación, materiais e recursos didácticos existentes no centro que sexan de uso e tratamento por parte da biblioteca, situalos nun espazo especialmente condicionado onde organizar e consultar devandito material mediante un sistema accesible de información centralizado e informatizado.
- 2.- Aspirar, mediante unha serie de actuacións, ofrecer información á comunidade educativa para satisfacer as necesidades curriculares, culturais e complementarias.
- 3.- Contribuír á educación permanente dos nosos alumnos e preparalos para aprender por si mesmos, sendo un lugar de reunión de información múltiple en soportes variados (préstamos de materiais, apertura en horario lectivo con visitas dos grupos).

4.- Intervir na vida do centro, colaborando nas múltiples actividades culturais e recreativas organizadas ao longo do ano polos diferentes compoñentes da comunidade educativa (Claustro, Consello Escolar, ANPA...).

5.- Converterse nun espazo de integración social, contendo a materiais diversos que atendan a intereses variados, buscando unha efectiva igualdade de dereitos. Polo tanto, un proxecto entroncado na realidade diversa e plural da nosa contorna e que se integra cos demais proxectos nos que está involucrada a nosa comunidade escolar: coeducación, escola de Paz...

6.- A biblioteca escolar facilítase documentación relativa aos temas transversais, ofrecendo trípticos, elaborando materiais, elaborando exposicións e propiciando as actividades e debates sobre temas comunmente acordados e propostos pola comunidade escolar.

7.- A biblioteca escolar enfocarase na axuda ao traballo persoal dos alumnos, como lugar de estudo e realización de tarefas escolares e programas de estudo dirixido.

8.- Pretende ser un lugar de información literaria e doutros recursos que responda a intereses diversos desenvolvendo programas de lectura, actividades culturais, días do libro, xornadas de animación á lectura ...

9.- O proxecto de biblioteca escolar require coordinación, organización de traballo en equipo, posta en marcha de recursos, uso de medios audiovisuais informáticos e impresos, implicación de pais e nais de alumnos, colaboración de institucións e asociacións, así como a avaliación dos traballos realizados polo programa posto en práctica.

Metodoloxía de traballo

Desde o do curso 2014-2015 a coordinadora deste Proxecto é Montserrat Collazo Trigo o equipo actual de profesores colaboradores está formado por: M^a Élida Barrela Muínelo, Antonia Castro Chao, Cruz Gabiola Peleteiro e Marta Pumares Varela.

Nestes momentos estamos a revisar este documento, adecuándoo ao Plan de Mellora da Biblioteca Escolar e á realidade actual do Centro.

Axustámonos á seguinte metodoloxía :

1.- Análise da situación de partida e estudo da información recolleita (isto condiciona o resto do traballo e permitirá obter datos reais e que leve a formular obxectivos axustados aos recursos cos que conta o Centro). Confección de cuestionarios relacionados coas características e dotación da nosa aula-biblioteca, sobre a tipoloxía dos documentos existentes, cantidade, actualización, servizos (se os presta) que a biblioteca desenvolve no Centro. (Ver documentos que se achegan).

2.- Definición dos obxectivos. Defínense uns obxectivos xerais consensuais e aprobados en Claustro para pasar a concretar en cada curso, os obxectivos específicos

3.- Determinar as actuacións e actividades que contribuirán á consecución dos obxectivos. Cada profesor achegará aquelas actividades que lle parezan idóneas para desenvolver no plan de traballo da Biblioteca Escolar. Con elas conformarase o núcleo de actuacións a seguir durante o proxecto de traballo. Periodicamente valorarase a oportunidade de devanditas actividades para a súa aplicación ou modificación se as circunstancias o requiren.

4.- Avaliación e revisión dos resultados. A final de curso, nas reunións de avaliacións, farase unha análise dos resultados para comprobar ata que punto se desenvolveron as iniciativas propostas. Realizaranse enquisas e informes onde se recolla o impacto que tiveron os servizos que ofrece a biblioteca e se cobren as necesidades do usuario. No Claustro e Consello Escolar de fin de curso exporase a memoria resumen do traballo realizado e así planificar o ano próximo.

O papel do equipo de profesores e profesoras pódese resumir dicindo que participarán e realizarán as actividades propostas no proxecto descrito (realizar enquisas, confeccionar cadros de datos, suxerir actividades, elaborar listas de libros e documentos, establecer prioridades, animar á lectura, formar as Bibliotecas de Aula, participar en todas as actividades e celebracións organizadas en torno ao libro e á biblioteca, participar en reunións, planificar tarefas, realizar achegas sobre o regulamento de funcionamento da biblioteca, confeccionar a memoria final de curso ...).

Nesta táboa detallamos a programación por trimestres que foi incluída no proxecto do PLAMBE:

APOIO AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO DESDE A BIBLIOTECA	
1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Integración da biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica. - Creación da Comisión da Biblioteca no Consello Escolar: a actual persoa responsable da biblioteca formará parte desa comisión ao ser membro actual do Consello Escolar. - Apoio ao profesorado que imparte Atención Educativa e Proxecto Interdisciplinario: elaboraremos unha proposta de lecturas para traballar nas aulas con guías e materiais de apoio. - Reforma do documento do Proxecto Lector no que se inclúan as actividades e modificacións que foron xurdindo nos últimos anos e redacción do Plan de Lectura Anual. - Actualización deses documentos na web: http://bibliotecaiespas.webnode.es/proxectos-de-centro/ - Cuestionario de avaliación inicial dirixido ao alumnado, ao profesorado e ás familias. - Entrega ás aulas das Bibliotecas de Aula.
2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Inicio da comunicación coas familias elaborando un documento no que se anime ao fomento da lectura. - Posta en funcionamento do Club de Lectura “A nora dos libros” - Creación dun Club de Lectura para adultos convidando ás familia, veciños, persoal laboral, profesorado... - Comunicación e proposta á CCP, ao Claustro e ao Consello Escolar dos cambios necesarios no Proxecto Lector. - Busca de novo profesorado que se implique no desenvolvemento do novo Proxecto Lector. - Revisión nas titorías do estado das Bibliotecas de Aula entregadas no primeiro trimestre.
3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario de avaliación final dirixido ao alumnado, ao profesorado e ás familias. - Continuación co traballo dos Clubs de Lectura. - Aplicación na aula das primeiras medidas do Proxecto Lector. - Revisión e retirada das Bibliotecas de Aula a última semana de curso.

Interese e implicación do profesorado

O interese e implicación do profesorado para o desenvolvemento do proxecto é total. Existiu un gran apoio para a presentación e realización deste proxecto. A súa implicación é e será esencial, pois os grupos de alumnos e alumnas son protagonistas e partícipes do núcleo de accións e actividades que se plasman nel.

O proxecto pode supor logros na autoformación do profesorado ao incluír na súa práctica docente unha serie de actuacións e técnicas que inciden de forma transversal no currículo, facéndoo máis gratificante e axudando á consecución de obxectivos fundamentais a nivel de lecto-escritura, inserción social, participación, autoaprendizaxe...

Actuacións a realizar

1.- Organización e catalogación dos fondos da biblioteca escolar cun deseño adaptado aos alumnos/as:

- Clasificación de armarios e seccións.
- Sinalización e rotulación de seccións e temas.
- Colocación de etiquetas seguindo patróns de cor, aos diversos materiais.
- Plastificación de etiquetas.

2.- Rexistro informatizado dos materiais da biblioteca escolar.

3.- Entrada, rexistro e etiquetaxe dos materiais chegados ao Centro dos diferentes organismos, consellerías, editoriais e todos os adquiridos polo Centro.

4.- Confección de materiais: guías e propostas de lectura e material audiovisual, fichas persoais de lectura, separadores...

5.- Organización das bibliotecas de aula no Centro.

6.- Elaboración de cadernos pequenos, sinxelos adaptados aos diferentes niveis do alumnado do Centro que expliquen como está organizada a biblioteca e que recursos poden ser utilizados segundo a idade.

7.- Integración dos obxectivos e funcións da biblioteca escolar no Proxecto Educativo de Centro.

8.- Actualización do portal onde se realiza a consulta:
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CE D024>

9.- Utilización da biblioteca durante o horario escolar, como lugar de lectura e estudo dirixido, así como para o traballo persoal.

10.- Servizo de préstamos a alumnos e profesores, podendo estenderse ao resto da comunidade educativa (antigos alumnos, pais e nais...).

11.- Establecer en horario lectivo, un servizo de biblioteca escolar a todos os cursos do centro, acordado en Claustro e en coordinación cos ciclos (cada titor terá unha visita dunha hora semanal á biblioteca cunha actividade planificada).

12.- Confección dunha folla de recomendacións de lecturas para todos os ciclos (Nadal e fin curso).

13.- Implicación de pais e nais. Desde a biblioteca, desde o Centro, a través de follas informativas, carteis, boletíns, informarase aos pais e nais de:

- Os horarios e actividades da biblioteca escolar.
- Características dos libros segundo idades, intereses e niveis.
- Títulos e temas actualizados por medio de recomendacións e suxestións de lectura para os seus fillos.
- Noticias e novidades en torno ao mundo do libro infantil e xuvenil.

14.- Crear unha folla de suxestións da biblioteca escolar dirixida a alumnos, profesores e pais.

15.- Realización de enquisas á comunidade escolar sobre temas relacionados coa biblioteca e a lectura.

16.- Inclusión no Plan de Centro e na Memoria o conxunto de actividades, actuacións e intervencións da biblioteca para a súa aprobación polo Claustro e o Consello Escolar.

17.- Realización de concursos e certames:

- Mascota da biblioteca.
- Lema da biblioteca.
- Guías de lecturas para a semana cultural e efemérides.
- Certames de poesía, contos...

18.- Apoio da biblioteca a todas as actividades organizadas polo Centro (Día da Ciencia, Día da Paz, día da Constitución, semana cultural, Entroido, Nadal...)

19.- Apoio na preparación de visitas culturais e excursións á provincia e cidades da comunidade galega, incluídas as actividades extraescolares do Plan de Centro.

20.- Organización de xornadas de animación á lectura.

21.- Actualización periódica da páxina web da biblioteca:
<http://bibliotecaiespas.webnode.es/>

Avaliación.

A avaliación debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións, valoracións, a través de entrevistas, enquisas, encontros, reunións... Hai que realizar unha autoavaliación nas reunións dos equipos, así como un seguimento e atención do programa que desenvolvemos na biblioteca escolar.

A avaliación debe ser un proceso continuo e actualizado: interesa analizar as situacións de partida do alumnado, do profesorado e dos sectores implicados no contexto do proxecto. Tamén é necesario coñecer o desenvolvemento do traballo e a súa incidencia: dinámica de traballo dos equipos; uso dos servizos creados e dos medio dispoñibles; adaptación aos imprevistos e cambios no centro. Todo iso pode servir para revisar, reconducir e modificar calquera aspecto dos elementos que interveñen durante o proceso.

Debe facerse un balance global e por apartados dos resultados da posta en práctica do proxecto.

Ao longo dos cursos a persoa responsable da biblioteca xunto co resto do profesorado debe analizar unha serie de indicadores, criterios ou referencias respecto ao plan de biblioteca e desenvolvemento do programa de promoción lectora, respecto ao alumnado e ao profesorado que permitan coñecer a calidade dos traballos, así como aspectos relacionados cos elementos que configuran o proxecto. Deste xeito, a planificación inicial estará en continua revisión. Podemos enumerar unha serie de criterios para avaliar o desenvolvemento do proxecto e o logro dos obxectivos propostos:

Respecto ao alumnado :

- 1.- O índice de lectura e o hábito creado a través da fichas de lecturas persoais e dos controis de préstamo e uso das bibliotecas de aula e de centro.
- 2.- O grao de autonomía e participación dos equipos do alumnado.
- 3.- Valoración dos textos propios e do dominio de lecturas diversas.

Respecto ao profesorado:

- 1.- A inclusión do uso da biblioteca escolar nas súas programacións de aula.
- 2.- O cambio de actitude respecto de metodoloxías, contidos, actuacións, no campo do fomento da lectura e escritura no Centro.
- 3.- A integración dun tempo dedicado á promoción lectora nas súas horas de traballo diario e a organización e uso da biblioteca de aula.
- 4.- Grao de colaboración e participación nas actividades escolares e extraescolares organizadas desde a biblioteca escolar

Respecto dos pais e nais:

- 1.- O coñecemento real dos obxectivos do programa así como a súa dispoñibilidade e participación nas actividades organizadas.

2.- Os recursos humanos e materiais que acheguen .

3.- Os seus papeis de axentes dinamizadores e animadores doutros pais e nais.

Coordinación con outras entidades

A coordinación do proxecto lector establecerá os mecanismos e canles necesarias para que a coordinación con outras entidades, asociacións e organismos relacionados co fomento da lectura se realice de forma adecuada:

- Bibliotecas municipais do Concello
- Bibliotecas escolares do Concello incluídas no PLAMBE
- Librarías achegadas ao Centro
- Artistas que residan no Concello
- Empresas: REPSOL, Inditex, Alumán...

8. A BIBLIOTECA

A Biblioteca é un instrumento fundamental para soste os nosos Proxecto Lingüístico e Proxecto Lector de Centro, xa que xestiona os documentos -a maior parte deles lingüísticos ou de alto contido lingüístico-, ofrece servizos de información e alfabetización que están normalizados e normativizados, e está ligada ao carácter multicultural do centro.

No curso 2011-12 entramos no Plan de Melloras das Bibliotecas Escolares (PLAMBE) co proxecto titulado **“Unha porta de entrada a mil mundos”** que se fundamenta nunha concepción da biblioteca como un lugar de encontro, converténdose nun espazo de comunicación e intercambio no que se poden desenvolver as novas tecnoloxías e as experiencias interdisciplinarias, fomentando e respectando a diversidade cultural e social que presenta o contorno onde estamos asentados, e cun horario de apertura amplo co que intentamos dar un servizo a toda a comunidade.

Temos como obxectivos:

- Promover unha nova concepción de biblioteca escolar como axente centralizador e dinamizador da actividade cultural e pedagóxica do centro e do lugar no que se encontra.
- Abrir a biblioteca escolar ao contorno do centro.
- Converterse en lugar de encontro e de recursos para as persoas e sectores do contorno relacionados coa nosa comunidade educativa.
- Colaborar na compensación das desigualdades sociais favorecendo o acceso aos recursos a aqueles usuarios que non dispoñen dos mesmos no seu contorno familiar e/ou social e ofrecer un espazo e equipamentos acordes con esta concepción.
- Ser recurso e axente para a normalización lingüística do centro.
- Promover o uso da biblioteca como recurso multimedia para satisfacer necesidades de formación, información e ocio de toda a comunidade educativa, así como doutras persoas e sectores do contorno vinculados ao centro, con especial atención a aqueles membros que presenten necesidades educativas especiais.

- Fomentar o gusto pola lectura e o uso das bibliotecas así como calquera outro servizo de información.
- Formar aos usuarios nas estratexias de busca, recuperación, elaboración e transmisión de información a partir de diferentes tipos de soporte, fomentando o uso das novas tecnoloxías.
- Diseñar e desenvolver actividades de dinamización da Biblioteca: animación á lectura, formación de usuarios e busca documental.
- Rexistrar, catalogar e emprestar co programa MEIGA os fondos.
- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta e préstamo.
- Actualizar os fondos valorando as propostas que se realicen dende os distintos sectores da comunidade escolar (profesorado, alumnado, pais) de acordo co orzamento elaborado pola comisión de biblioteca.
- Promover a colaboración con outras bibliotecas escolares e públicas para, por unha parte, diseñar e desenvolver proxectos e actividades conxuntos e, por outra, propiciar a creación dun marco xurídico por parte da Administración educativa que dote de entidade legal as actuacións e formas de organización das nosas bibliotecas.
- Asesorar directamente ao profesorado en materias de animación á lectura e Educación Documental.
- Utilizar de maneira permanente os equipos informáticos conectados en rede que a propia biblioteca ten asignados como propios.
- Abordar unha sinalización atractiva.
- Conservar, actualizar e mellorar a nosa páxina web, o portal da biblioteca en MEIGA e a presenza na páxina web do centro.

Para acadarmos estes obxectivos continuaremos coas actividades e tarefas que vimos desenvolvendo tradicionalmente: xestión técnica, organización e dinamización.

Ademais, desde a Biblioteca apoiase o Proxecto Lingüístico de Centro, ao tempo que se coordina a elaboración e a redacción do **Proxecto Lector**. A continuación detallamos as actividades do Proxecto Lector previstas para este curso:

1º Trimestre:

- Integración da biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Creación da Comisión da Biblioteca no Consello Escolar.
- Apoio ao profesorado que imparte Atención Educativa e Proxecto Interdisciplinario mediante a elaboración de propostas de lecturas e actividades para traballar nas aulas, con guías e materiais de apoio.
- Reforma do documento do Proxecto Lector no que se inclúan as actividades e modificacións que foron xurdindo nos últimos anos.
- Actualización deses documentos na web:
<http://bibliotecaiespas.webnode.es/proxectos-de-centro/>
- Cuestionario de avaliación inicial dirixido ao alumnado, ao profesorado e ás familias.
- Entrega ás aulas das Bibliotecas de Aula.

2º Trimestre:

- Inicio da comunicación coas familias elaborando un documento no que se anime ao fomento da lectura.
- Posta en funcionamento do Club de Lectura “A nora dos libros”
- Posible creación dun Club de Lectura para adultos.
- Comunicación e proposta á CCP, ao Claustro e ao Consello Escolar dos cambios necesarios no Proxecto Lector.
- Busca de profesorado que se implique no novo Proxecto Lector.
- Revisión nas titorías do estado das Bibliotecas de Aula.

3º Trimestre:

- Cuestionario de avaliación final dirixido ao alumnado, ao profesorado e ás familias.
- Continuación co traballo dos Clubs de Lectura.
- Aplicación na aula das primeiras medidas do Proxecto Lector.
- Revisión e retirada das Bibliotecas de Aula.

9.- CLUB DE LECTURA: A Nora dos Libros.

O noso Club de Lectura iniciou a súa andaina o curso 2007-08 e desde entón e como resultado da lectura dos libros:

- Creamos un pequeno cine – fórum.
- Elaboramos material que logo pasou a formar parte da nosa biblioteca (catro guías de lectura, un cómic e dúas antoloxías de textos feitos por alumn@s, profesores/as e persoal non docente) sendo publicada unha antoloxía de textos elaborados polos propios alumnos e profesores (patrocinada por Repsol da Coruña), así como solicitado o ISBN e o Depósito legal da primeira guía, solicitude que se vai facer tamén para as outras dúas guías. As guías, á súa vez, están colgadas na páxina da biblioteca:
<http://bibliotecaiespas.webnode.es/club-de-lectura>
- Creamos un espazo novo na nosa emisora de “Radio Furoca”, espazo que leva o mesmo nome que o Club (“A NORA DOS LIBROS”) e no que cada semana se recomenda a lectura dun libro, do que logo se poden facer comentarios no espazo do blog que leva o mesmo nome: <http://radiofuroca.blogspot.com>

FINALIDADES:

- Espertar nos rapaces a motivación e a afección a ler .
- Mellorar a comprensión e a expresión escrita.
- Mellorar a vocalización, a dicción e a interpretación.
- Alimentar a sensibilidade e a reflexión (sobre un mesmo e sobre a contorna).
- Proporcionar aos rapaces información e contribuir así a una mellor comprensión do mundo, desenvolvendo a súa curiosidade e capacidade crítica, así como a súa propia identidade.
- Promover a lectura con imaxes, textos mixtos (cómic, asociacións de imaxes, etc.) e textos tanto en prosa como en verso, e en diferentes linguas (castelán, galego e inglés)
- Descubrir as posibilidades da lectura colectiva.
- Aprender a buscar información en diferentes soportes (libros, enciclopedias, Internet, dicionarios...) para realizar traballos ou polo simple pracer de ler.
- Promover a faceta creativa dos rapaces (e de calquera integrante da nosa comunidade educativa), publicando os seus traballos a través de libros e da nosa emisora de radio “Radio Furoca”.

✚ **ACTIVIDADES PREVISTAS. ANIMACIÓN Á LECTURA:**

- Partirase dun libro e buscarase información do autor, así como fotografías e mapas que ilustren a súa vida e os lugares asociados a esta. Para isto utilizarase o material da biblioteca en soporte escrito e tamén os ordenadores portátiles que teñen os propios alumnos.

Despois da lectura do libro (alternando a lectura en voz alta coa lectura silenciosa) farase unha posta en común onde os rapaces poidan expresar de forma espontánea as súas opinións.

Tomando o libro como punto de arranque (algún capítulo, fragmento...), crearase unha narración curta, un poema... E os textos creados iranse emitindo no espazo literario “*Sucos de Alborada*” que ten a nosa emisora de radio (*Radio Furoca*).

- Un día reuniremonos todos os compoñentes do club e iremos a unha librería para que cada quen compre un libro do seu agrado. Despois cada un fará unha pequena recensión do seu libro na que achegue as súas sensacións e reflexións sobre a lectura do mesmo. Esa recensión emitirase igualmente en *Radio Furoca* no espazo “*A Nora dos Libros*”.
Esta actividade levarase a cabo unha vez ao mes, facendo unha presentación individualizada e oral de cada libro seguida dunha rotación de todos os libros, de xeito que cada compoñente do club poida ler libros diferentes e escoitar opinións variadas do mesmo libro.
- Utilizando como punto de referencia todas as lecturas poderanse realizar tamén outras actividades creativas:
 - ❖ Carta a un personaxe favorito: expoñéndolle o que se viu nel para elixilo e contándolle as propias experiencias vitais.
 - ❖ Propoñer melloras nas relacións entre os personaxes: crear un texto alternativo no que se ofrezan solucións aos conflitos.
 - ❖ Reconstruír a biografía dun personaxe secundario: describindo seus os antecedentes vitais e todas aquelas experiencias que puidesen xustificar a súa conduta.

✚ **FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

Traballarase nunha dobre vertente:

- Lectura como pracer (libros en castelán, en galego e en inglés): combinando a lectura en silencio e en voz alta. No último trimestre o material creado, sempre que sexa posible (e se no club hai representación de rapaces procedentes doutros países), será traducido a diferentes linguas e, posteriormente, maquetado para que pase a formar parte dos propios fondos da biblioteca como material de consulta e de goce da lectura. Faranse, igualmente, exposicións e emisións radiofónicas periódicas na emisora do centro.
- Lectura para aprender e informarse (periódicos, revistas, Internet, etc.): elaborárase unha guía de lectura dun libro que se elixa para traballar e profundar de forma máis crítica.

✚ **HORARIO E CALENDARIO PREVISTO**

Haberá reunións nos dous recreos (10:20-10:45 / 12:25-12:45) de cada día e, se é posible, organizaranse reunións algunhas tardes, dependendo da dispoñibilidade dos compoñentes.

✚ **MEDIOS DE DIFUSIÓN**

- Páxina web da biblioteca: <http://bibliotecaiespas.webnode.es/>
- Sección Club de Lectura dentro desa web, coas guías de lectura: <http://bibliotecaiespas.webnode.es/club-de-lectura>
- RADIO FUROCA: <http://radiofuroca.blogspot.com/>
 - ❖ “A nora dos libros”: <http://radiofuroca.blogspot.com/search/label/La%20noria%20de%20los%20libros>
 - ❖ “Sucos de alborada”: <http://radiofuroca.blogspot.com/search/label/Surcos%20de%20alborada>
 - ❖ “Campañas”: <http://radiofuroca.blogspot.com/search/label/Campa%C3%B1as>
 - ❖ FUROCA TV: <http://worldtv.com/furocatv>
- Impresión-maquetación do material e taboleiros expositivos.

Pastoriza, 30 de setembro de 2014